

PALACIO DE LA LLOREA

H****

Carretera de Villaviciosa, s/n
N-632 Campo de Golf La Llorea
33394 Gijón (Asturias)

☎ 985 131 812

FAX 985 131 817

🌐 www.palaciodelallore.com



ACCESIBILIDADE FÍSICA

Contorno do edificio

- ➔ A zona de acceso é ampla, chá e está despexada de obstáculos.

Acceso principal

- ➔ A entrada principal é accesible. Hai escaleiras, con máis de **10** chanzos, con unha rampla alternativa de **14,9 m.** de lonxitude e dividida en dous tramos por unha ampla meseta. A inclinación de ambos tramos está entre **7%** e **10,5%**. Hai un pasamanos continuo en todo o percorrido a **94 cms.** de altura.
- ➔ A porta principal é automática e mide **195 cms.**

Recepción, hall e corredores

- ➔ O mostrador de atención ao público está a unha altura de **110 cms.**
- ➔ Os corredores teñen unha anchura **>120 cms.** e o chan non é esbarante. O mobiliario non constitúe ningún obstáculo.

Aseo adaptado en zona común

- ➔ Hai **1** aseo común adaptado situado na planta con itinerario accesible. É preciso o uso do ascensor.
- ➔ A porta mide **74 cms.** No interior pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- ➔ A altura do asento do inodoro é de **43 cms.** e o mecanismo de descarga está a **74 cms.** A el accédese polo lado dereito cun espazo libre **>80 cms.**
- ➔ Hai unha barra abatible no lado dereito e unha fixa no lado contrario situadas a unha altura de **70-87 cms.** e con unha separación de **81 cms.**
- ➔ O espazo libre inferior do lavabo é de **71 cms.** e o fondo é de **58 cms.** A grifería é monomando.
- ➔ Os accesorios do baño están a unha altura entre **70 e 80 cms.** e o bordo inferior do espello está a ras do chan.

Ascensor

- ➔ A porta da cabina mide **83 cms.**
- ➔ As dimensións interiores son de **120 cms.** de ancho e **140 cms.** de fondo.
- ➔ Ten pasamanos a unha altura **98 cms.**





Cuarto adaptado (N° 101)

- N° de cuartos adaptados: **2**
- Situados en planta con itinerario accesible. É preciso o uso do ascensor.
- A porta mide **77 cms.** e no interior pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- A altura da cama é de **50 cms.** Ten espazo de acceso **>90 cms.** por ambos lados.
- O mecanismo de climatización está a unha altura de **133 cms.** e o colgadoiro do armario a **170 cms.**

Aseo en cuarto

- A porta mide **77 cms.**
- No interior do aseo pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- O inodoro está situado a unha altura de **43 cms.** e o mecanismo de descarga a **74 cms.** Ten acceso polo lado dereito **>57 cms.** e frontal **>120 cms.**
- Hai unha barra abatible no lado dereito e unha fixa ao lado contrario, situadas a unha altura de **67-82 cms.** e con unha separación de **80 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **70 cms.** e o fondo é de **20 cms.** A grifería é monomando.
- Os accesorios do baño atópanse a unha altura entre **120-170 cms.** e o bordo inferior do espello a **86 cms.**
- O chan da ducha é continuo co recinto e antiesbarante.
- O asento de ducha está fixo á parede, mide **37 cms.** de ancho, **50 cms.** de fondo e está a unha altura de **40 cms.** O espazo de acceso polo lado dereito é **>120 cms.**
- Hai unha barra de apoio vertical situada a unha altura de **110-140 cms.**
- A grifería da ducha é monomando e está situada en parede lateral accesible a unha altura de **90 cms.**

Cafetería / Restaurante / Buffet de almozos

- Ambas estancias están situadas xunto á recepción.
- As portas teñen unha medida **>80 cms.**
- No restaurante / buffet de almozos, as mesas teñen unha altura de **75 cms.,** un espazo libre inferior de **70 cms.,** un ancho de **100 cms.** e un fondo libre de **100 cms.**
- Na cafetería, as mesas teñen unha altura de **75 cms.,** un espazo libre inferior de **70 cms.** e un ancho de **87 cms.** Ten unha pata central con base que deixa un fondo libre de **30 cms.**
- A barra da cafetería está a unha altura de **106 cms.**

PALACIO DE LA LLOREA

- A barra do buffet de almorzos está a unha dobre altura de **75 e 88 cms.**

Sala de reunións

- Hai **2** salas de reunións situadas en planta con itinerario accesible. É preciso o uso do ascensor.
- As portas teñen unha medida **>80 cms.** e son de dobre folla.
- As mesas teñen **75 cms.** de altura, un espazo libre inferior de **70 cms.**, un ancho **>70 cms.** e un fondo de **45 cms.**

Piscina e Spa

- Situados en planta baixa con itinerario accesible.
- As portas teñen unha medida **>80 cms.**
- A piscina do circuito termal dispón de guindastre que facilita o acceso ao vaso.
- As portas das cabinas de masaxes miden **80 cms.** e as camillas están a unha altura de **75 cms.**
- Hai vestiario con itinerario accesible e con as seguintes características:
- A porta mide **76 cms.**
- Hai unha cabina de aseo adaptada na que pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.** Al inodoro accédese polo lado esquerdo cun espazo de acceso **>120 cms.** Non ten barras de apoio.
- O chan da ducha é continuo co recinto e ten un espazo libre de acceso de **116 cms.** Non hai cadeira de ducha.
- O espazo libre inferior do lavabo é de **60 cms.** e o fondo é de **58 cms.**
- Os accesorios do baño atópanse a unha altura de **150 cms.** e o bordo inferior do espello está a **94 cms.**

Aparcadoiro

- Dispón de aparcadoiro exterior situado xunto á entrada principal.
- Non existen prazas de aparcadoiro delimitadas nin reservadas para persoas con mobilidade reducida.
- O itinerario dende o interior do hotel é accesible por rampla alternativa ás escaleiras (ver características de acceso principal).

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso principal

- A porta principal é automática e acristalada. Non está sinalizada axeitadamente.
- A rampla alternativa ás escaleiras existentes, ten pasamanos continuo en todo o percorrido pero carece de franxa de sinalización táctil na zona de embarque e desembarque.

Hall e zonas comúns

- O mobiliario está ubicado correctamente e non constitúe ningún obstáculo.
- A iluminación non é homoxénea, a luz natural produce zonas de luz e sombra.

Sinalética

- Hai un patrón homoxéneo na sinalética e permite aproximarse para a súa lectura.
- Os carteis están colocados a unha altura entre **160 e 180 cms.**
- As letras e símbolos miden **3 cms.** e presentan contraste cromático co fondo.



- ➔ A sinalética non está transcrita ao braille nin está en altorrelevo.

Escaleiras principais

- ➔ Existen 3 escaleiras principais, dúas que comunican a recepción coas plantas superiores e inferiores e unha terceira exterior, situada á entrada. Todas teñen similares características:

Os chanzos son homoxéneos e están sinalizados visual pero non táctilmente. Non teñen boceles

A iluminación é escasa y la luz natural produce zonas de luz e sombra.

A varanda é continua en todo o seu percorrido pero non se prolonga ao final dos chanzos. Todas teñen zócolo de protección a excepción da escaleira que comunica con as plantas inferiores.



Ascensor

- ➔ As portas teñen sistema de apertura antiaprisionamento.
- ➔ A botoeira está en braille e en altorrelevo.
- ➔ Non hai franxa de sinalización táctil que indique o acceso á cabina.
- ➔ Non ofrece información sonora de parada en planta.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Recepción

- ➔ A porta é totalmente acristalada.
- ➔ Dispón de paneis informativos.
- ➔ O persoal non ten coñecemento da lingua de signos.
- ➔ En recepción dispoñen de fax para o uso dos clientes que o soliciten.

Cuarto

- ➔ Existe a posibilidade de conexión a Internet.
- ➔ Hai información escrita dos servizos prestados.
- ➔ Hai enchufes xunto á cama.
- ➔ A televisión ten decodificador de teletexto pero non permite a comunicación con recepción e non ofrece servizo despertador luminoso.
- ➔ A porta non dispón de mira.
- ➔ A porta do baño non permite comunicación co exterior.

Aseos comúns

- ➔ As portas teñen sistema de información visual de ocupado / libre.
- ➔ As portas teñen banda libre inferior que permite a comunicación co exterior.

Ascensor

- ➔ Existe información visual no interior e no exterior da cabina.
- ➔ Non ten dispositivo de emerxencia con sinal luminosa.

Sistema de emerxencia

- ➔ Non hai sistema de emerxencia visual.

OVIEDO TRYP

H****

C/ Pepe Cosme, 1
33001 Oviedo

 985 117 111

 985 117 111

 www.solmelia.com



ACCESIBILIDADE FÍSICA

Contorno do edificio

- A rúa de acceso é ampla, chá e está despexada de obstáculos.

Acceso principal

- A entrada principal é accesible.
- A porta principal é xiratoria automática ten unha medida **>80 cms.** Hai unha porta contigua, manual de doada apertura, que mide **90 cms.**

Recepción, hall e corredores

- O mostrador de atención ao público está a unha altura de **114 cms.**
- Os corredores teñen unha anchura **>120 cms.** e o chan non é esbarante. O mobiliario non constitúe ningún obstáculo.

Aseo adaptado en zona común

- Hai **2** aseos comúns adaptados en planta con itinerario accesibles. É preciso o uso do ascensor.
- As cabinas adaptadas son independentes. A porta mide **78 cms.** e no interior pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- O inodoro está situado a unha altura de **43 cms.** e o mecanismo de descarga a **74 cms.** A el accédese polo lado dereito cun espazo libre de **70 cms.**
- Hai unha barra abatible no lado de aproximación e unha fixa ao lado contrario, situadas a unha altura de **57-73 cms.** e con unha separación de **58 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **70 cms.** e o fondo é de **54 cms.** A grifería é monomando.
- Os accesorios do baño atópanse a unha altura entre **80 e 90 cms.** e o bordo inferior do espello a **72 cms.**


Ascensor

- A porta da cabina mide **82 cms.**
- As dimensións interiores son de **98 cms.** de ancho e **120 cms.** de fondo.

Cuarto adaptado (Nº309)

- Nº de cuartos adaptados: **2**





- Situados en planta con itinerario accesible. É preciso o uso do ascensor.
- A porta mide **78 cms.** e no interior pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- O cuarto comunica con a contigua por unha porta de **75 cms.**
- A altura da cama é de **53 cms.** Ten un espazo de acceso **>90 cms.** por ambos lados.
- O mecanismo de climatización está a unha altura de **147 cms.**
- O colgadoiro do armario está a unha altura de **190 cms.** e dispón de perchas de mango longo.

Aseo en cuarto

- A porta mide **75 cms.**
- No interior do aseo pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- O inodoro está situado a unha altura de **43 cms.** e o mecanismo de descarga a **74 cms.** A el accédese polo lado esquerdo cun espazo libre de **80 cms.**
- Hai unha barra abatible no lado esquerdo e unha fixa ao lado contrario situadas a unha altura **60-75 cms.** e con unha separación de **62 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **70 cms.** e o fondo é de **54 cms.** A grifería é monomando.
- Os accesorios do baño atópanse a unha altura entre **95 e 120 cms.** e o bordo inferior do espello a **93 cms.**
- O chan da ducha é continuo co recinto e é antiesbarante.
- O asento de ducha está fixo á parede e mide **33 cms.** de ancho, **30 cms.** de fondo e está a unha altura de **47 cms.**
- Hai unha barra de apoio horizontal situada a unha altura de **76 cms.**
- A grifería da ducha é monomando e está en parede lateral accesible a unha altura de **100 cms.**

Cafetería / Restaurante / Salón buffet de almozos

- Situados en planta baixa xunto recepción. O itinerario é accesible.
- As portas teñen unha medida **>80 cms.**
- As mesas de ambas estancias teñen unha altura de **76 cms.,** un espazo libre inferior de **70 cms.,** un ancho de **90 cms.** e un fondo libre de **37 cms.**
- A barra da cafetería ten unha altura de **111 cms.**
- A barra do buffet de almozos está a unha dobre altura de **40 e 120 cms.**

Sala de reunións

- Existen 4 salas de reunións situadas na planta con itinerario accesible. É preciso o uso do ascensor.
- As portas das salas teñen >80 cms. e son de dobre folla.
- As mesas teñen 74 cms. de altura, un espazo libre inferior de 72 cms., un ancho de 60 cms. e un fondo de 78 cms.

Aparcadoiro

- Dispón de garaxe. O itinerario é accesible. É preciso o uso do ascensor.
- A porta mide 78 cms.
- Hai 4 prazas de aparcadoiro reservadas para persoas con mobilidade reducida, cun ancho de 2,6 m. e un fondo de 4,9 m. Están sinalizadas co **Símbolo Internacional de Accesibilidade**.



ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso principal

- A porta principal é xiratoria automática e acristalada. Non está sinalizada axeitadamente.
- Non hai chanzos ou desniveis que dificulten o paso.

Hall e zonas comúns

- O mobiliario está ubicado correctamente e non constitúe ningún obstáculo.
- A iluminación non é homoxénea. A luz natural produce zonas de luz e sombra.





Sinalética

- Hai un patrón homoxéneo na sinalética e permite aproximarse para a súa lectura.
- Os carteis están colocados a unha altura de **160-180 cms.**
- As letras e símbolos miden **6 cms.** e presentan contraste cromático co fondo.
- A sinalética non está transcrita ao braille nin está en altorrelevo.

Escaleiras principais

- Os chanzos son homoxéneos, están sinalizados visualmente e dispoñen de tabica e zócolo de protección. Non ten boceses.
- A varanda é continua en todo o seu percorrido e non se prolonga **30 cms.** ao final dos chanzos.
- A iluminación é insuficiente e a luz natural produce zonas de luces e sombra.

Ascensor

- As portas contan con sistema de apertura antiprisionamento.
- A botoeira está en braille e en altorrelevo.
- Non hai franxa de sinalización táctil que indique o acceso á cabina.
- Non ofrece información sonora de parada en planta.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Recepción

- A porta é totalmente acristalada.
- Dispón de paneis informativos.
- En recepción dispoñen de fax para o uso dos clientes que o soliciten.

Cuarto

- Existe a posibilidade de conexión a Internet.
- Hai información escrita dos servizos prestados.
- Hai enchufes xunto á cama.
- O teléfono ten avisador con sinal luminosa.
- A televisión ten decodificador de teletexto, permite a comunicación con recepción e ofrece servizo despertador luminoso.

Aseos comúns

- As portas non teñen sistema de información visual de ocupado / libre.
- As portas non teñen banda libre inferior que permite a comunicación co exterior.

Ascensor

- Existe información visual no interior da cabina.
- Non ten dispositivo de emerxencia con sinal luminosa.

Sistema de emerxencia

- Non hai sistema de emerxencia visual.

APARTAMENTOS RURALES LA REGATINA

Lamuño
33155 Cudillero (Asturias)
985 597 329
www.apartamentoslaregatina.com



ACCESIBILIDADE FÍSICA

Contorno e acceso principal

- O entorno próximo e a entrada principal é accesible, non hai chanzos, desniveis ou ocos de paso estreitos que dificulten o acceso.

Recepción

- A zona de recepción é accesible.
- O mostrador de atención ao público está a unha altura de **86 cms.**
- O mobiliario está ubicado correctamente e non constitúe ningún obstáculo.
- O corredor ten unha anchura **>120 cms.** e o chan non é esbarante.

Apartamento adaptado (Nº 6)

Nº de apartamentos adaptados: 4


- Situados en planta accesible.
- No interior do apartamento non hai obstáculos que poidan dificultar o paso e os corredores son de **120 cms.**
- A porta do apartamento mide **80 cms.** e no interior permítese un xiro de **150 cms.**
- As mesas teñen unha altura de **75 cms.**, un espazo libre inferior de **65 cms.**, un fondo de **80 cms.** e **130 cms.** de ancho.

Cuartos

- No apartamento hai dous cuartos, as portas miden **94 cms.** e no interior pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- A altura da cama é de **50 cms.** e ten dous lados de acceso de **80 cms.** aproximadamente.
- O colgadoiro do armario está a unha altura de **137 cms.**

Aseo adaptado

- A porta mide **96 cms.**
- No interior do aseo pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- O inodoro está situado a unha altura de **47 cms.** e o mecanismo de descarga a **100 cms.**



- O inodoro ten un lado de acceso (esquerdo) cun espazo libre **>80 cms.** Dispón de unha barra fixa no lado contrario á aproximación.
- Os accesorios do baño están situados a unha altura de **110 cms.** e o bordo inferior do espello está a **108 cms.**
- O lavabo ten un espazo libre inferior de **75 cms.** e un fondo de **60 cms.** A grifería é monomando.
- O chan da ducha é continuo co recinto e antiesbarante. Dispón de unha cadeira de ducha e de unha barra de apoio horizontal situada a unha altura de **112 cms.** A grifería está situada na parede lateral accesible e é monomando.

Cociña

- Na zona de cociña existe espazo suficiente para inscribir unha circunferencia de **150 cms.** fronte ao mobiliario.
- Dispón de lavalouzas e os aparatos de control do electrodoméstico están a unha altura de **75 cms.**
- As baldas e caixóns do armario están a unha altura de **50 a 150 cms.**
- O fregadeiro e a placa da cociña están a unha altura de **88 cms.**, ten un espazo libre inferior de **60 cms.** de alto, un fondo de **21 cms.** e un ancho de **120 cms.**
- A altura das baldas e caixóns do frigorífico é de **20 a 70 cms.**

Lavandería

- O itinerario dende os apartamentos á lavandería é polo exterior do complexo e é accesible.
- Dispón de 2 lavanderías cuxas portas son **>80 cms.** No interior permítese a inscrición dun xiro fronte aos electrodomésticos existentes.

Aparcadoiro

- O acceso ao aparcadoiro dende os apartamentos non presenta dificultade.
- As prazas non están delimitadas e non están sinalizadas co símbolo de accesibilidade.

